

O Consello Directivo da AELG tivo a ledicia de propor á Asemblea xeral de Socias e Socios para outorgar o noso máis recoñecido premio á escritora portuguesa Hélia Correia, para a distinguir non só pola alta calidade da súa escrita literaria, mais tamén por ser referente de dignidade e valores éticos, tan necesarios para as nosas mutuas realidades sociais e culturais actuais.

Nestes tempos de banalización da mentira, de transmisión e amplificación a vastas audiencias de información acrítica para que as guerras e a dor humana (coma no caso da Palestina) sexan para todos e todas nós un espectáculo de consumo, que nos converta en caladas testemuñas de inhumanidade, neste tempo é imprescindible a palabra de Hélia Correia.

A súa extensa e intensa obra ten sido premiada e valorada como *«densamente reflexiva e humanista, recoñecéndose nela unha sabedoría antiga, e a consciencia de que o presente é ou debera ser memoria.»* Esa sabedoría antiga, diría eu, que o noso idioma común determina en nós.

Ela, que é unha amadora das palabras que visten a súa escrita como pel e coas que vai alén da tona do real para que se produza o miragre da literatura. Esas que teñen unha respiración eternal coa que alenta o mar que nos irmanda.

Premiamos tamén e recoñecemos na meniña que construíu os mundos na floresta da tapada de Mafra, ela fermosamente atinxida polo fulgor da poesía. Recoñecemos na dinamizadora do vinte e cinco de abril no seu Grupo de Ação Cultural, na escritora que procura nas mulleres que habitan a súa obra as pegadas do seu fulgor, as mulleres que a acenan e iluminan o seu camiño e que ela rescata dos territorios da invisibilidade, de todo o que as denigra ou as oculta

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebra hoxe na Compostela de pedra milenaria e palabra eterna, nomear a escritora Hélia Correia Escritora Galega Universal, tamén porque esta terra é prolongación da súa terra. Terras que aman e se doen nunha mesma lingua, nun mesmo idioma que partillou longos percorridos de común historia e que a mesma historia separou coma dous irmaos que son separados na súa máis primeira adolescencia da historia. Mais que non han de desfalecer até se volveren atopar para seguir a habitar no mesmo idioma, un mesmo latexar, unha mesma esperanza.

*Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017*

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega*